

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria do 18 de xullo de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Laura López Atrio

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cinco minutos do día dezoito de xullo de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Camero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1196).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1197).- PRODUCCIÓN INTEGRAL DAS FESTAS DE VERÁN – 2008. EXPTE. 2769/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 10.07.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 11.07.08, conformado polo concelleiro delegado da Área de Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobado a contratatación do servizo de produción das Festas de Verán e Semana Grande de Vigo 2008, polo procedemento negociado sen publicidade, ó abeiro do art. 154 e. da LCSP, e declara-la urxencia na tramitación do expediente 2769-335.

2º.- Autorizar o gasto 585.000 euros para a prestación do servizo de produción das festas de Verán e Semana Grande de Vigo 2008, que se imputará á partida presupuestaria 4512.226.08.05 do vixente presuposto.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 2-07-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación do servizo de produción das festas de Verán e Semana Grande de Vigo 2008

4º.- Consultar con tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**3(1198).- APROBACIÓN DE PRÓRROGA E REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL “COSTEIRA” SAIÁNS. EXPTE. 6251/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 14.07.08, conformado pola concelleira de Educación e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a segunda revisión do prezo do contrato de xestión da Escola Infantil Municipal, “Costeira” de Saians, adxudicado a Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A., por acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de abril de 2005, establecendo o mesmo, para a segunda anualidade do contrato na cantidade de 183.393,99 euros, polo periodo comprendido entre o 1 de setembro de 2007 ata o 31 de agosto de 2008.

Segundo.- Apobar a prórroga do contrato a partir do 1 de setembro de 2008 ata o 31 de agosto de 2009, conforme o estipulado no prego de condicións e contrato administrativo.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.